



RECURSOS PARA INCLUIR A EDUCACIÓN AMBIENTAL NO CURRÍCULO DOS CENTROS EDUCATIVOS GALEGOS: ANÁLISE DOS EQUIPAMENTOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL NA GALIZA.

Araceli Serantes Pazos

Departamento de Teoría e Didáctica. Universidade da Coruña (A Coruña-Galiza)

boli@udc.es

A Educación Ambiental (EA) nace no Estado español estreitamente ligada ao sistema educativo formal; os primeiros e decisivos pasos foron dende as escolas, que a través de prácticas críticas e creativas, sistematizaron aportes interesantes a nivel teórico e metodolóxico; máis, as valoracións trinta anos máis tarde respecto á presenza e desenvolvemento da EA nos Centros Educativos son negativa, pese a que a Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo¹ obrigaba a que estivera recollida con carácter transversal, e a pesares de aparecer en moitos dos Proxectos Curriculares de Centro e Deseños Curriculares Base; máis difícil aínda é atoparnos coa inclusión real desta dimensión nas prácticas desenvolvidas nas aulas e nas distintas actividades do Centro. En Galiza, a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA) (Dog, 2000), aprobada dez anos máis tarde, reafirma a súa importancia na educación integral das persoas, cun especial fincapé no ensino formal. E isto sorpréndenos aínda máis cando a EA empeza a ser relevante noutros contextos, que vai “conquistando” con rapidez e forza. A inevitable pregunta é, entón, por que vai perdendo espazo e interese no sistema escolar, e sobre todo que vai pasar agora coa Lei de Calidade da Educación, que fai fincapé na adquisición de contidos fronte aos valores e procesos. Unha vez máis a pelota está no tellado dos mestres, mestras e profesorado en xeral

A excesiva rixidez disciplinar do sistema educativo e a falla de apoio á formación inicial e permanente do profesorado, son dúas claves para entender esta realidade. Isto contrasta coa existencia de numerosos recursos destinados ao alumnado e profesorado de moita calidade; máis a dispersión da información, a mala distribución dos mesmos e a dificultade no acceso son algunhas das razóns para entender o pouco emprego deles por parte da comunidade educativa. Nesta comunicación imos facer unha presentación xeral dos mesmos co fin de dar a coñecer algúns dos recursos dispoñibles en Galiza e as súas posibilidades educativas.

¹ No artigo 2 do título preliminar sinaláuse como principios “a relación co contorno social, económico e cultural” e “a formación no respecto e defensa do medio ambiente” (José Luis CARBONELL, 1996, páx. 20).

1. Recursos para a Educación Ambiental : achegamento á realidade galega

Jan CEROVSKY (1977, páx. 71) xa puña especial fincapé no valor intrínseco dos recursos neste ámbito: *“un proceso efectivo de EA non pode realizarse con éxito sen materiais de diverso tipo concebidos para atraer a atención, explicar feitos, problemas, enfoques e solucións, e indicar pautas para organizar actividades e incitar ao público a participar nelas”*. Máis o seu papel no proceso educativo xa se puxo de manifesto dende as orixes institucionais da EA, así, nas orientacións da UNESCO, do PNUMA e do PRAGRAMA MAB sinálase a necesidade non só de preparar materiais, libros e medios auxiliares senón tamén de avalialos e revisalos permanentemente.

Parécenos necesario empezar acotando a que nos estamos a referir cando falamos de recursos para a EA, xa que na literatura específica existen definicións tan amplas que escasamente discriminan, e non tódolos autores están a referirse ao mesmo ou utilizan os mesmos criterios. *“Recurso é todo instrumento ou estratexia con corpo físico, conceptual ou metodolóxico que facilita a consecución duns obxectivos. A súa función básica é de mediadora da actividade educativa, ponte entre a realidade e a aprendizaxe. No ámbito da EA, os recursos deben permitir a adquisición de coñecementos, actitudes e habilidades relativas ao contorno, deben fortalecer a sensibilización e a conciencia ambiental e deben poñer á persona en disposición de actuar constructivamente na resolución de problemas ambientais...”* (Oscar CID e Rafael PAREDES, 1997, páx. 196); conviñamos entón en considerar os *espacios, instalacións, materiais, estratexias e/ou persoas que facilitan o desenvolvemento de programas e accións no marco da EA: diste xeito definímoslos como vehículos que axudan a acadar os obxectivos, que favorecen a aprendizaxe de coñecementos, a interiorización de valores e facilitan a participación activa na mellora do medio*. Recollemos no Cadro nº 1 a nosa proposta para tipificalos.



Cadro 1: *Tipoloxía de recursos para a Educación Ambiental*

1.1. Recursos baseados no contorno

- *medio inmediato*: referímonos ao contorno, aos espazos naturais protexidos e á paisaxe como medio de vincular os procesos educativos coa realidade. Nos primeiros anos da EA constitúe o eixo central da praxe, centrada “no coñecemento do medio natural e das formas de deterioro que presentaba, identificando os fins básicos da EA na promoción de valores vencellados á «conservación» e «protección» da natureza” (Pablo MEIRA, 1998, páx. 12). As tres unidades de maior valor para nos son: a paisaxe, os ecosistemas singulares e os Espazos Naturais Protexidos. A paisaxe constitúe o máximo referente xa dende a Institución Libre de Ensinanza, fundamentalmente por dúas razóns: porque “é unha imaxe e porque, habitualmente, nistos estudos, utilízanse paisaxes moi coñecidas do contorno máis inmediato e por iso ten un alto valor de motivación” (Andrés RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, 2001, páx. 115). En relación coa EA, a paisaxe utilizouse como recurso dende tres perspectivas diferentes: seguindo a súa evolución histórica (arqueoloxía da paisaxe), analizando as componentes que a definen e as súas relacións, e, por último, estudando as modificacións e impactos producidos pola acción das persoas (M^a M. ESCRIBANO, M. FRUTOS, E. IGLESIAS, C. MATAIX e I TORRECILLA, 1989).
- a *planificación do territorio* aínda que poderíamos encadrarla no apartado anterior, ten suficiente

entidade como categoría, polo que decidimos adicarlle un espazo propio. Para Jaume TERRADAS (2001, páx. 87) “o territorio é un mosaico de situacións cun grao moi diverso de intervención antropóxena”. Iste autor considera o territorio, otorgándolle funcións e significado a cada unha das unidades dentro do consunto; a planificación esixe ademais o diagnóstico, valoración, avaliación, toma de decisións, consenso...

- os *problemas socio-ambientais*, porque requiren solucións non só técnicas senón tamén as aportadas dende os instrumentos sociais, fundamentalmente, a participación; trátase dun recurso para capacitar para a acción.
- *interpretación do patrimonio*: é “unha actividade educativa que pretende revelar significados e interrelacións a través do uso de obxectos orixinais, polo contacto directo ou por medios ilustrativos, sen limitarse a dar unha simple información dos feitos” (Freeman TILDEN, 1977, páx. 8). En Galiza estase a desenvolver esta estratexia de comunicación en algúns dos Equipamentos de Educación Ambiental, Museos, visitas guiadas por espazos de interese socio-ambiental, Programas de Educación Ambiental...
- *itinerarios e roteiros*: guiados e autoguiados; pola natureza ou polas cidades e vilas; con ou sen sinais, carteis e outro material de apoio... «Falamos dun percorrido cuns obxectivos determinados que se traduce nunha secuencia de momentos preestablecidos» cun alto valor educativo porque ademais de «permitir un tratamento de forma práctica de conceptos, procedementos e actitudes, o seu carácter vivencial vai facilitar o desenvolvemento afectivo» (Manuel BENÍTEZ, 2001, páx. 146) sendo iste último un factor de grande relevancia. Os roteiros didácticos e interpretativos “teñen en común o feito de estruturarse arredor dun ou de diversos percorridos e co obxectivo de estudar diferentes aspectos do medio, de forma máis ou menos interdisciplinar” (Teresa FRANQUESA e Miquel MONGE, 1983, páx. 46). No territorio galego existen como oferta puntual en moitos dos espazos de interese natural, dinamizados dende a Consellería de Medio Ambiente; algúns Concellos como o de Oleiros, Narón, Allariz, A Coruña... tamén ofertan itinerarios, xeralmente á poboación escolar. Outras das entidades que desenvolven roteiros son : CEIDA, ADEGA, SGHN, AS-PG,...
- *saiidas*: de un ou varios días de duración, a través de marchas de observación, viaxes, escolas viaxeiras, rotas a pé, en bicicleta, a cabalo, en catamarán, etc. En Galiza esta oferta é fundamentalmente institucional: os promotores son a Consellería de Educación, a Dirección Xeral de Xuventude, a Consellería de Pesca e moitos Concellos.

1.2. Recursos sen interacción persoal co público

- *publicacións*: libros, revistas, boletíns, actas, teses, monografías,...As publicacións podemos atopalas tamén referidas como *documentos primarios* ou *fontes primarias* (Jaume SUREDA, 1990, páx. 44; Pablo MEIRA, 1998, páx. 20). En Galiza existen varias liñas editoriais de carácter case local, máis ningunha estable e todas de difícil localización porque non se distribúen nas librerías; ningún material en xeral é reeditado e a maioría son gratuitos. Publican iste tipo de documentos moitos dos grupos ecoloxistas e Movementsos de Renovación Pedagóxica, Concellos, Universidades e, fundamentalmente, a Xunta de Galicia. Exemplos son a liña editorial iniciada polo Concello de

Oleiros (Documentos para o Medio Ambiente e o Desenvolvemento con 5 títulos) ou do Departemento de Pedagogía e Didáctica da Universidade da Coruña (3 monografías de EA).

- *materiais didácticos*: Entendemos por materiais didácticos as fichas, cadernos e dossier de traballo para o alumnado, material de experimentación, dossier e cadernos para o mestre, unidades didácticas, ... No noso contexto cabe destacar as Unidades Didácticas editadas por Néboa e as editadas polas editoriais, como a Colección Didáctica de Xerais, Cadernos Didácticos de Lea, etc.
- *Cadernos de campo e guías*: cun especial coidado nas ilustracións, son un recurso moi valorado para a identificación de especies de flora e fauna, resaltes xeográficos, elementos de interese xeolóxico, arqueolóxico, etnográfico, etc. Son de grande valor as guías publicadas nas editoriais galegas A Nosa Terra, Xerais. A nivel institucional destacar os cadernos de campo elaborados para programas da Dirección Xeral de Xuventude como Os espacios naturais, un mundo.
- *materiais de apoio*: de laboratorio (microscopio, reactivos,...), de campo (tranpas, redes de anelamento, botes, truel, ...), de observación (prismáticos, telescopio, lupas, ...), de experimentación (horto, invernadeiro, acuarios e terrarios,...), mapas, maquetas, prototipos,...
- *materiais para o grade público*: cartaces, folletos, boletíns, afiches, marca páxinas, camisetas, gorras, bolsas, bolígrafos, lápices, insignias, ...
- *sinais, carteis e paneis*: de carácter informativo, interpretativo ou didáctico; nos espacios de interese patrimonial e nos roteiros; nos centros e instalacións ou ao aire libre; con carácter permanente ou ocasional; con materiais autóctonos ou con tecnoloxías punteiras; etc. En Galiza poden atoparse tanto nalgúns dos espacios de interese natural (Lagoa da Frouxeira, Parque Natural de Corrubedo, Monte da Siradella, O Courel...) como en espacios de interese cultural (Castros de Neixón, Eco-Museu de Costa da Égoa-Muiños de Batán, Muiño de Acea da Má,...).
- *xogos*: estamos a referirnos aos «kits» de experimentación e de construción, dinámicas e simulacións, xogos de rol, etc. A Consellería de Pesca publicou un caderno de xogos arredor do mar
- *audiovisuais*: en calquera dos formatos posibles, véase, vídeos, películas, documentais, diaporamas, DVD, etc. A maioría están deseñados como apoio de campañas ou actividades puntuais.
- *informáticos*: programas informáticos deseñados exproceso para calcular o consumo de auga na vivenda, o aforro de auga e enerxía ou o custo dos desplazamentos en transporte rodado, bases de datos, xogos e CD-rom interactivos, xogos de simulacións, enciclopedias, páxinas web, actas de xornadas e congresos...
- *medios de comunicación*: a través de cuñas na radio, televisión e xornais (como a campaña anual de loita contra o lume), artigos e programas nas radios, nos xornais e na prensa escrita, na televisión,... fundamentalmente de carácter ocasional, salvo excepcións como o programa de Senda Verde ou unha sección na Voz de la Escuela.

1.3. Recursos con relación directa co público

- *exposicións orais*: cun ou varios relatores, xenéricamente teñen carácter puntual e informativo e van dirixidas a un público máis ou menos heteroxéneo: conferencias, charlas, coloquios, debates, mesas redondas, etc.
- de *formación*: convocados dende diferentes entidades e institucións, xeralmente con carácter monográfico, a través de numerosas modalidades, véase encontros, cursos, seminarios, xornadas, congresos, simposium, etc. Moitos teñen recoñecemento académico ou profesional.
- *campañas*: existe unha grande variedade en canto á duración, medios empregados, destinatarios, promotores, repercusión pública, etc. Podemos atopar campañas dirixidas só a escolares (A aposta, Voz Natura, Atlántida...), a sectores concretos da poboación (O lixo ao mar, Plan INFOGA, ...), ao público en xeral (Campaña de recollida selectiva de lixo de Sogama ou da Mancomunidade da Coruña).
- *concursos*: de redaccións, contos, poesía, debuxos, comic, de recollida selectiva (un montón de pilas,...), de aforro enerxético e de auga, etc.

1.4. Recursos que requiren instalacións fixas ou móbis


- *talleres e obradoiros*: cunha inmensa diversidade de contidos, duración, patrocinadores, etc. Van dende contidos exclusivamente naturalistas (censos de aves, avistamento de cetáceos, catalogación de plantas,...), ata contidos máis etnográficos (destilar plantas, produción de artesanía, elaboración de produtos alimenticios e cosméticos,...), ecolóxicos (reforestación, reciclaxe, limpeza, plantacións,...), científicos (calidade das augas, mapas de ruidos,...), sociais (consumo, uso e calidade dos espazos públicos,...), etc.
- *exposicións e/ou exhibicións*: poden ser fixas ou itinerantes, permanentes ou ocasionais; os materiais expostos son, fundamentalmente, coleccións naturalistas, de materiais etnográficos, de desenvolvemento de técnicas artísticas e artesanais (a través de obradoiros ou exhibicións), de desenvolvemento de procesos productivos (fornadas, fiado, elaboración de queixo,...) ou naturais (ciclo da auga, das volvoretas,...), etc.
- *centros de documentación*: dirixidos a tódolo público, con servicios de consulta e empréstanos; en Galiza non teñen publicacións propias nin sistema de divulgación das novidades (revista informativa, páxina web, consulta en rede, ...). Os máis completos son o do CEIDA e o do Taller de EA do ICE de Santiago.
- *centros de formación e divulgación*: con iste nome xenérico estámonos a referir as Escolas Taller, Campos de Traballo, Campamentos e Albergues na natureza, Estacións Científicas, etc. que ocasionalmente (entre 15 días ou varios meses) desenvolven actividades de formación, divulgación e información relacionadas coa EA. En Galiza a institución referencial tería que ser o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA

- *instalación nos centros de ensino*: moitos centros educativos contan con instalacións e infraestructuras -na maioría dos casos para uso exclusivo dos escolares- que permiten o desenvolvemento de actividades e programas de EA; estamos a referirnos aos hortos escolares, museos escolares, charcas e terrarios, etc.
- *equipamentos de educación ambiental (EqEA)*: granxas escola, aulas de natureza, centros de visitantes, aulas activas, aulas do mar, centros de educación ambiental, centros de interpretación, aulas de ecoloxía urbana, aulas etnográficas, etc. Só apuntar aquí a referencia, xa que estará amplamente desenvolvido.
- *outras instalacións*: baixo iste epígrafe agrupamos tódalas experiencias que non son EqEA propiamente ditos, pero que teñen instalacións para o desenvolvemento de actividades de EA; algunhas delas dispoñen ademais dun equipo educativo, dun programa de acción, etc. máis nin o fin último non é educativo, nin de fomento da participación na resolución dos problemas ambientais; concretamente estamos a referirnos a moitos dos Museos arqueolóxicos, etnográficos e científicos, os observatorios de aves, os hortos de ocio, os xardíns botánicos, SOGAMA, etc.

2. Evolución dos Equipamentos de Educación Ambiental no Estado español

Entendemos por EqEA as *“iniciativas heteroxéneas de educación non formal que contan cunhas instalacións (fixas ou mobis) axeitadas para o desenvolvemento dun programa educativo, no que os seus fins e obxectivos son os propios da EA; dito programa é realizado por un equipo educativo estable e profesionalizado, que conta*

cunha serie de recursos e materiais para a execución e avaliación das súas actividades, na maioría dos casos, creadas ou adaptadas polo propio equipo” (Araceli SERANTES, 2001, páx. 3). “Estas iniciativas son **xestionadas** coherentemente cos principios da sostenibilidade” (Araceli SERANTES e Héctor POSE, 2003, páx. 7). Oscar CID (2002) propón incluír tamén nesta definición a avaliación como un aspecto definitorio. (Cadro nº 2).



Cadro nº 2: *Elementos que definen os Equipamentos de Educación Ambiental*

Máis esta definición resposta, dalgún xeito, a un acordo a partires dos encontros efectuados por distintas persoas que estamos a traballar no ámbito dos EqEA en Galiza; un breve repaso polos distintos diagnósticos e aproximacións demostran que non hai un conenso en definilos e acotalos deste xeito, e que ademais non o houbo nunca, aínda que as posturas son de entendemento, tal e como o demostran as distintas Cartas de Calidade e Documentos que emerxen dende o propio movemento; con isto sinalar que se trata máis dun protocolo que dunha definición.

Os EqEA nacen no Estado español a carón do sistema educativo; a meirande parte deles están dirixidos ou xestionados por profesorado dos distintos niveis educativos, conscientes das carencias do sistema escolar e que buscan recursos que apoiem a laboura dos centros, nun contexto de ilusión e utopía que coincide co remate da dictadura do Xeral Francisco Franco. Moitas serán iniciativas privadas (fundamentalmente levadas adiante por cooperativas educativas), aínda que fora de Galiza hai institucións –públicas e privadas– que apoiarán istos servicios: Deputacións Provinciais, Caixas de Aforro, Concellos, Consellerías de Educación, etc. Estamos a falar dos anos 80. Dunha forma xenérica dicir que nos anos 90 o protagonismo será institucional, quizais porque as Comunidades Autónomas comencan a ter Consellerías de Medio Ambiente e asumen competencias plenas na materia; neste momento son moitos os EqEA que xurden nos Espacios Naturais Protexidos, aínda que a EA non aparece como un elemento máis de xestión, senón como un servizo ao marxe da mesma. Para referirnos a iste último decenio imos referirnos exclusivamente a Galiza, onde detectamos unha maior presenza de EqEA de carácter local, promovidos dende os Concellos ou dende a iniciativa privada que recibirán o apoio financeiro da UE; os contidos e a oferta de actividades ten un carácter máis lúdico, xenérico e menos comprometido, aínda que danlle moita importancia ao coñecemento do contorno inmediato e moitos buscan dinamizar os recursos locais. (Cadro nº 3)



Cadro nº 3: *Evolución dos EqEA segundo os contidos e os promotores*

3. Os Equipamentos de Educación Ambiental en Galiza

En Galiza non se ten feito un diagnóstico de EqEA, aínda que existen documentos realizados fundamentalmente a carón da Estratexia Galega de Educación Ambiental (DOG, 2000) e que foron actualizados, completados e que siguen a ser obxecto de investigación por diferentes autores e grupos (Araceli SERANTES; Antón LOIS; Grupo de equipamentos da SGEA). A continuación (Gráfico nº 4) presentamos a localización dos EqEA existente en Galiza e outras instalacións de interese para a EA tal e como se recolle nas definicións do punto 1.



Cadro nº 3: *Evolución dos EqEA segundo os contidos e os promotores*

3. Os Equipamentos de Educación Ambiental en Galiza

En Galiza non se ten feito un diagnóstico de EqEA, aínda que existen documentos realizados fundamentalmente a carón da Estratexia Galega de Educación Ambiental (DOG, 2000) e que foron actualizados, completados e que siguen a ser obxecto de investigación por diferentes autores e grupos (Araceli SERANTES; Antón LOIS; Grupo de equipamentos da SGEA). A continuación (Gráfico nº 4) presentamos a localización dos EqEA existente en Galiza e outras instalacións de interese para a EA tal e como se recolle nas definicións do punto 1.




Gráfico nº 4: Localización dos Equipamentos de Educación Ambiental e doutras instalacións de interese ambiental en Galiza sobre o mapa das capitais dos municipios.

● Equipamentos de Educación Ambiental

- | | | |
|---|---|---|
| 1. Aula de Ecología Urbana | 11. Aula/C. Interpretación A Capela | 21. Aula da Natureza Castelo Sobroso |
| 2. Granxa Escola Beelle | 12. Aula da natureza dos Ancares | 22. C. Información e Interpret. Monte Aloia |
| 3. Alvarela Ecoturismo | 13. Aula da Natureza Moreda do Caurel | 23. Aula Municipal Etnográfica-Aula do Mar |
| 4. Aula da Natureza da Cabalar | 14. Granxa Escola Barreiros | 24. Aula da Natureza San Xullán |
| 5. Parque Eólico Experimental Sotavento | 15. Aula da Natureza de San Xoan de Río | 25. Granxa-escola Yuca |
| 6. CEIDA | 16. Centro de EA Igual | 26. C. Interpretación A Siradella |
| 7. Aula do Río de Chelo | 17. Aula da Natureza As Corceizas | 27. Acuarium Galicia-Aquavisión |
| 8. Aula da Natureza de Abegondo | 18. Aula da Natureza Invernadouro | 28. Granxa-Escola Serantellos |
| 9. Aula da Natureza do Veral | 19. C.D.R. O Viso | 29. Aula Activa do Mar Santiago Gallego |
| 10. Granxa Escola Casa do Queixo | 20. Albergue Rural A Escola | |

○ Outras instalacións de interese ambiental

- | | | |
|--|--|---|
| 1. Acuacencia | 13. Sogama | 25. Aula Forestal Foncuberta |
| 2. Parque Micrológico Muíño de Barcia | 14. Aula Forestal de Gultriz | 26. Ecoespacio do Rexo |
| 3. C. Interpretación do Bosque Atlántico | 15. Museo do Mel "O enredo do abelleiro | 27. Aula Forestal de Ríos |
| 4. Centro de Ocio e Nat. Safari Framil | 16. Centro de Educación Ambiental Gala | 28. C. Visitantes Xurés-Baixa Limia |
| 5. Granxa-Horto | 17. Aula da Natureza de Ribadeo | 29. Aula da Natureza Alientea |
| 6. Museos Interactivos | 18. Centro de Interpretación da Avifauna | 30. C. Información das Ribeiras do Louro |
| 7. Nostlan | 19. Centro de EA Trevia | 31. Aula de Medio Ambiente O Galifeiro |
| 8. Aula da Natureza Juan Lambeye | 20. Granxa Escola A Casa da Terra | 32. C. Visitantes das Illas Cies |
| 9. Aula de Natureza O Pasatempo | 21. C. Interpretación do Pico Sagro | 33. Zoolóxico A Madroa |
| 10. Casa Escuela de la Naturaleza | 22. Aula Forestal Os Trollos | 34. Devesa das Rapinas |
| 11. Museo de Egoa e Muíños de Batán | 23. Centro de Visitantes San Xoan de Río | 35. CIELGA |
| 12. Museo do Moucho | 24. Centro de EA Outeiro | 36. C. Recep. de Visitantes-Casa da Costa |

4. Os EqEA como recurso para os Centros Educativos

Hai quen considera os EqEA como recurso limitado para a EA por tratarse de experiencias anecdóticas e ailladas, máis son moitas as persoas que as valoran como unha valiosa ferramenta para o desenvolvemento integral do alumnado se se planifica a actividade axeitadamente: é máis importante a vivencia e o proceso que o resultado da propia estancia neles. A oferta en Galiza podemos resumila tal e como aparece no Gráfico nº 5:

| | | | | | |
|-----------------------------------|-------------------------|---------------------------|-------------------------|------------------|-----------------|
| CONTIDOS: | Naturalistas 10 | Socio-Ambientais 9 | Agropecuarios 5 | Energía 3 | Outros 1 |
| LOCALIZACION: | Medio natural 13 | Rural 10 | Urbano 5 | | |
| DURACION: | 1 día 18 | 3 días 2 | 5 días 9 | | |
| CUSTE: | Gratuito 14 | Subvencionado 5 | Tarifa normal 11 | | |
| ACCESIBLE PARA DISCAPACITADOS/AS: | | si 14 | non 15 | | |

Gráfico nº 5: Caracterización dos EqEA en Galiza

A continuación enumeramos algunhas das ventaxes máis significativas:

- Se trata de espacios educativos especializados en temas socio-ambientais, adaptados aos diferentes niveis de ensino -fundamentalmente obrigatorio- e aos diferentes colectivos organizados; o obxectivo fundamental é de carácter formativo.
- Ofrece infraestructuras, materias e recursos coherentes cos fins que se persiguen e están deseñados para dito fin; algúns contan con unidades didácticas e material de apoio o que permite preparar con

anterioridade a visita co alumnado. O persoal está especializado na temática que se aborda e no desenvolvemento das actividades propostas.

- Moitos deles adaptan as actividades e contidos aos intereses que expresan os Centros, servindo así de apoio ao traballo que se está a desenvolver nas aulas.
- Resulta moi motivador para o alumnado por tratarse de medios e espazos moi diferentes e atractivos, fora da dinámica habitual das aulas, con recursos pouco habituais e con educadores diferentes aos que non hai que rendir-lles contas nun examen.
- Permite a moitas rapazas e rapaces o contacto con realidades e contornos aos que non teñen acceso nos seus barrios e vilas, experimentando e coñecendo outras formas de vida e de relación.
- Posibilitan un coñecemento integral a través da experiencia, fronte á aprendizaxe parcelada e dividida en disciplinas. En xeral, organizan os contidos con criterios de interdisciplinidade, é decer, o deseño das actividades ten máis que ver co *currículum integrado* "non só centrado en asignaturas, como ven sendo costume, senón que pode planificarse arredor de núcleos superadores dos límites das disciplinas, centrados en temas, problemas, tópicos, institucións, períodos históricos, espazos xeográficos, colectivos humanos, ideas, etc." (Jurjo TORRES, 1994, páx. 29). Permite o desenvolvemento de procesos de investigación que poden ser iniciados e/ou rematados posteriormente nas aulas
- Favorecen o achegamento e coñecemento do medio natural e social, a integración real no medio, a experiencia da interdependencia co contorno, a análise directa e a comprensión das súas características e problemáticas... a través da posta en práctica de estratexias didácticas e metodolóxicas innovadoras que non sempre se poden desenvolver nas aulas. Permite integrar os aspectos sociais como unha parte importante dos aspectos ambientais.
- Fronte a unha concepción competitiva da aprendizaxe, os EqEA permiten o desenvolvemento de actividades de colaboración e de descubrimento cooperativo favorecendo a vivencia e a convivencia.
- Fortalece aspectos pedagóxicos tan importantes como o fomento de valores, a modificación de conductas, o respecto ás diferencias, a solidariedade, a organización democrática e horizontal, a resolución de conflitos dun xeito negociado... así como formas creativas de expresión.
- Facilita a vinculación entre os procesos educativos e a realidade: "A auténtica educación xera un compromiso coa acción. Non se limita á esfera do coñecemento e da comprensión" (Miguel Angel SANTOS, s/d).
- Moitos deles contan con subvencións, polo que o custo económico non é unha limitación ao acceso por parte de todo o alumnado.

Referencias bibliográficas

- BENÍTEZ AZUAGA, Manuel (2001 "Itinerarios y educación ambiental" en Carlos GUERRERO BARRAGÁN (Coord.), *Diseño de itinerarios ambientales. Cuaderno de Instrucciones para el alumno*. Granada: Colegio Oficial de Biólogos. Delegación de Andalucía. Páxs.: 143-182.
- CARBONELL, José Luis (Coord.) (1990): LOGSE: *Ley Orgánica de Ordenación General del Sistema Educativo*. Madrid: Escuela Española.
- CEROVSKY, Jan (1977): "Recursos didácticos para la educación ambiental" en UNESCO, *Tendencias de la educación ambiental*. París. UNESCO. Páxs. 71-87.
- CID, Oscar (2002): "Perspectiva histórica y evolución conceptual de los Equipamientos de Educación Ambiental" en *Curso de calidad en los Equipamientos de educación ambiental*. Material policopiado.
- CID, Oscar e Rafael PAREDES (Coords.)(1997): "Recursos para la Educación Ambiental. Conclusiones del grupo de trabajo" en Pedro MIGUEL MARTÍN e M^a Luz AGUILÓ PASTRANA (Coord.), *I Jornadas. La Educación Ambiental en Canarias. Cuidamos el presente para el futuro...* Tenerife: Gobierno de Canarias. Páxs. 196-200.
- DOG (Diario Oficial de Galicia) (2000): "Resolución do 3 de outubro de 2000 pola que se publica a Estratexia Galega de Educación Ambiental". N^o 205. Páxs.: 14.333-14.371.
- ESCRIBANO, M^a M., M. FRUTOS, E. IGLESIAS, C. MATAIX e I TORRECILLA (1989): *El paisaje*. Madrid: MOPU.
- FRANQUESA, Teresa e Miquel MONGE (1983): "Recursos i materials per a l'educació ambiental a l'estat espanyol: primera aproximació" en *Quaderns d'ecologia aplicada. L'educació ambiental*. N^o 6. Pp.: 31-108.
- MEIRA, Pablo A. (1998): *Educación ambiental. Fuentes e recursos documentais*. A Coruña: Concello de Oleiros.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Andrés (2001): "El paisaje como instrumento principal en el diseño de itinerarios" en C. Carlos GUERRERO BARRAGÁN (Coord.), *Diseño de itinerarios ambientales. Cuaderno de Instrucciones para el alumno*. Granada: Colegio Oficial de Biólogos. Delegación de Andalucía. Páxs.: 113-141.
- SANTOS, Miguel Angel (s/d): "Una tarea contradictoria: educar para los valores y educar para la vida" en *Kikiriki. Cooperativa educativa*. N^o 31-32. <http://www.quadernsdigitals.net/numeros.ap?IdRevista=7&IdNumero=293>
- SERANTES, Araceli (2001): "Equipamientos de Educación Ambiental no Medio Natural" en *Curso de Postgrao de Especialistas en Dirección de Actividades Educativas na Natureza*. Lugo: Universidade de Santiago. Material policopiado.

- SERANTES, Araceli e Héctor POSE (2003): "Recursos e equipamentos de educación ambiental en Galicia" en Araceli SERANTES (Coord.), *Recursos e equipamentos de educación ambiental*. A Coruña: Universidade da Coruña e Deputación Provincial da Coruña. Páxs.: 7-24.
- SUREDA, Jaume (1990): *Guía de la educación ambiental. Fuentes documentales y conceptos básicos*. Barcelona: Anthropos.
- TERRADAS, Jaume (2001): *Ecología urbana*. Barcelona: Rubes.
- TILDEN, Freeman (1977): *Interpreting our heritage*. USA: The University of North Carolina Press.
- TORRES, Jurjo (1994): *Globalización e interdisciplinarietà: el curriculum integrado*. Madrid: Morata.